



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**EXPEDIENTE: 7/2022**

**OBXECTO DO EXPEDIENTE: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021.**

### INFORME

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, das obrigas de control financeiro permanente establecidas no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local e da Providencia de Alcaldía obrante no expediente emite o seguinte

### INFORME

#### ANTECEDENTES DE FEITO

Fundamentalmente obra no expediente a seguinte documentación:

- Estados de liquidación do orzamento do Concello de Chantada correspondentes ao exercicio 2021.
- Providencia de Alcaldía pola que se insta a emisión do presente informe.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL.
- RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local.
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

---

### CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4FR24JWG42PLGC52FDMGELSC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8



## CONCELLO DE CHANTADA

**Primeiro.-** Segundo o artigo 191 do TRLRFL e 89 e seguintes do RD 500/1990, o orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á súa recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando ao cargo da Tesouraría local os ingresos e pagos pendentes segundo as súas respectivas contraccións. As Entidades Locais deberán confeccionar a liquidación do orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda. A aprobación da liquidación do orzamento corresponde ao presidente da Entidade Local, previo informe da Intervención. Da liquidación do orzamento debidamente aprobada daráse conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, as Entidades Locais remitirán copia da liquidación á Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Economía e Facenda.

**Segundo.-** A liquidación do orzamento porá de manifesto:

- Respecto do orzamento de gastos, e para cada partida orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordeados e os pagos realizados.
- Respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

Como consecuencia da liquidación do orzamento deberá determinarse: a) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro b) O resultado orzamentario do exercicio c) Os remanentes de crédito d) O remante de tesouraría.

**Terceiro.-** A liquidación do orzamento do Concello de Chantada manifesta a seguinte execución do orzamento resumida por capítulos:

**- Ingresos**

CAPITULO	PREVISIÓNS DEFINITIVIAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	2.698.209,67	2.726.649,51
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	159.000	103.318,90
3.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	631.324,89	612.318,43
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.001.086,05	3.217.475,18
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900	3.600

### CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

6.- ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0	0
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.851.572,02	1.759.632,42
8.- ACTIVOS FINANCEIROS	1.468.089,98	0
9.- PASIVOS FINANCEIROS	344.066,60	344.066,60
<b>TOTAL</b>	<b>10.163.249,21</b>	<b>8.767.061,04</b>

### - Gastos

CAPITULO	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS
1.- GASTOS DE PERSOAL	2.318.588	1.998.420,21
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	3.535.566,12	3.100.472,08
3.- GASTOS FINANCEIROS	8.626,22	7.549,34
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	316.815,14	263.981,14
5.- FONDO DE CONTINXENCIA	0	0
6.- INVERSIÓNS REAIS	3.490.288,50	3.224.123,30
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	493.365,23	10.000
8.- ACTIVOS FINANCEIROS	0	0
9.- PASIVOS FINANCEIROS	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>8.284.503,92</b>	<b>6.620.146,08</b>

### Terceiro.- Resultado orzamentario

O resultado orzamentario é unha magnitude derivada da execución do orzamento e, como resultado que é, mostra a diferenza entre os ingresos orzamentarios e os gastos orzamentarios recoñecidos no exercicio, ambos en termos netos.

O gasto orzamentario representa o consumo de recursos da entidade no exercicio e o ingreso orzamentario a obtención de recursos para financiar dito gasto, en consecuencia, o resultado orzamentario expresa se os fondos orzamentarios obtidos teñen sido suficientes para financiar os gastos orzamentarios. Neste senso, poden darse tres situacións: que os ingresos orzamentarios sexan superiores aos gastos orzamentarios (superávit); que os ingresos

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

orxamentarios sexan inferiores aos gastos orxamentarios (déficit); e que os ingresos orxamentarios sexan iguais aos gastos orxamentarios (equilibrio).

Un resultado orxamentario positivo implica que os recursos xerados teñen financiado todo o gasto orxamentario e prodúcese un sobranse de financiación, supoñendo este superávit un incremento neto do remanente de tesouraría por operacións orxamentarias.

Un resultado orxamentario negativo supón que os fondos orxamentarios obtidos no período non foron suficientes para financiar todo o gasto orxamentario, producindo unha situación de déficit de financiación, supoñendo este déficit unha diminución neta por operacións orxamentarias do remanente de tesouraría.

Un resultado orxamentario equilibrado, supón que os recursos orxamentarios obtidos no período financiaron exactamente o gasto orxamentario do mesmo.

A liquidación do orxamento do Concello de Chantada reflexa o seguinte **resultado orxamentario**:

	MAGNITUDE	IMPORTE
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	8.767.061,04
2	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	8.604.546,07
3 (1-2)	RESULTADO ANTES DE AXUSTE	162.517,97
4	DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN POSITIVAS	580.481,78
5	DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS	581.590,08
6	OBRIGAS RECOÑECIDAS FINANCIADAS CON RTGX	1.000.025,62
<b>7 (+3-4+5+6)</b>	<b>RESULTADO ORXAMENTARIO POSITIVO</b>	<b>1.163.648,89</b>

### Cuarto.- Remanente de Tesouraría

O artigo 191 do TRLFL o remanente de tesouraría para gastos xerais está constituído polas obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro. O cómputo do remanente de tesouraría deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando, dacordo co establecido regulamentariamente os dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil recadación. En termos xerais o RTGX é un recurso orxamentario obtido

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

pola acumulación de resultados presupostarios de exercicios anteriores e do exercicio que se cerra e pode utilizarse para financiar o gasto orzamentario dos exercicios seguintes.

Da información obrante na contabilidade municipal resulta o seguinte cómputo do remanente de tesouraría:

	MAGNITUDE	IMPORTE
1	FONDOS LÍQUIDOS	1.336.836,47
2	DEREITOS PENDENTES DE COBRO	2.499.531,85
3	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	545.177,32
4	PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-7.934,04
5 (1+2-3+4)	REMANENTE DE TESOURARÍA XERAL	3.283.256,96
6	SALDOS DE DUDOSO COBRO	1.771.422,45
7	EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA	552.464,68
<b>8 (5-6-7)</b>	<b>REMANENTE DE TESOURARÍA DISPOÑIBLE PARA FINANCIAR GASTOS XERAIS</b>	<b>959.369,83</b>

O remanente de tesouraría reflexa a liquidez acumulada total da entidade local ao final de cada ano, de xeito que se é positivo constitúe, sen prexuízo dos destinos para el previstos na normativa vixente, un recurso para financiar modificacións de crédito e reflexa os aforros teóricos da Entidade Local. Non obstante, se é negativo manifesta que a Entidade Local está nunha situación de quebra técnica, debendo adoptarse as medidas establecidas na normativa vixente.

Debe realizarse un expediente de depuración de saldos contables, todas vez que é previsible, dado os datos que arroxa a contabilidade nos pendentes de cobro e pago de cerrados, que non reflexen a realidade, distorsionando o resultado total do remanente de tesouraría.

### Quinto.- Suspensións das regras fiscais

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4FR24JWG42PLGC52FDMGELSC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8



## CONCELLO DE CHANTADA

---

O Acordo do Consello de Ministros de data de data 6 de outubro de 2020, seguindo as directrices comunitarias, acordou suspender as regras fiscais en 2020 e 2021 e solicitou ao Congreso dos Deputados a apreciación de que en España estamos sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da CE e no 11.3 da LOEPSF. Esta declaración foi aprobada polo Congreso dos Deputados en data 20 de outubro de 2020, o que implica unha serie de consecuencias. Aos efectos da aplicación do acordo sinalado, a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos remitiu unha comunicación aos concellos en relación á suspensión das regras fiscais, que se incorpora ao expediente.

Non obstante, a suspensión das regras fiscais non implica renunciar á prudencia e responsabilidade na xestión financeira e, polo tanto, continúan tamén vixentes as seguintes obrigas: a) As relativas ao cumprimento do periodo medio do pagamento b) As de transparencia previstan na LOEPSF e normas de desenvolvemento c) A de avaliar a capacidade/necesidade de financiación en termos de contabilidade nacional no seu orzamento, na súa execución e na súa liquidación d) A responsabilidade fiscal e a aplicación do principio de prudencia financeira na estimación dos ingresos e gastos para elaborar o orzamento.

En cumprimento do sinalado procede que esta Intervención se pronuncie en canto ao cumprimento/incumprimento da estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2021.

### **Sexto.- Estabilidade Orzamentaria**

O artigo 3 da LOEPSF define a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural, sinalando que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria coherente coa normativa europea. Asimesmo, segundo o artigo 11 desta Lei, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten a gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que formen parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria. Ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Sentado o anterior, debe avaliarse se a liquidación do orzamento do exercicio 2021 cumpriu o principio de estabilidade orzamentaria., procedéndose, para elo, ao seu cómputo, dacordo coas

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4FR24JWG42PLGC52FDMGELSC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



## CONCELLO DE CHANTADA

instrucións sinaladas no Manual da IGAE para o cálculo da estabilidade orzamentaría das Corporacións Locais.

CAPITULOS	IMPORTES
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS CAPITULOS 1 A 7	8.422.994,44
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS CAPÍTULOS 1 A 7	8.604.546,07
<b>TOTAL</b>	<b>-181.551,63</b>
AXUSTES SEC	-18.209,50
<b>TOTAL AXUSTADO</b>	<b>-199.761,13</b>

Dacordo co Manual para o cálculo da estabilidade orzamentaria das Corporacións Locais practícanse os seguintes axustes:

**Primeiro.- Diferencia entre Dereitos Recoñecidos Netos e Recadación Neta de corrente e cerrados, polos Capítulos 1 a 3 de ingresos.**

- Explicación do axuste

En contabilidade nacional o criterio para a imputación destes ingresos é o de caixa, mentres que en contabilidade orzamentaria séguese o criterio de devengo. Deste xeito, se a recadación por corrente e por cerrados é inferior aos dereitos recoñecidos practicarásese un axuste negativo (menor capacidade de financiación) e se a recadación por corrente e por cerrados é superior aos dereitos recoñecidos practicarásese un axuste positivo (maior capacidade de financiación).

- Axuste

CAPITULO INGRESOS	DRN EJERCICIO 2021	RECADACIÓN 2021 CORRENTE	RECADACIÓN N 2021 PECHADOS	AXUSTE
1	2.726.649,51	2.312.718,39	345.197,92	-68.733,2
2	103.318,90	103.318,90	0	0
3	612.318,43	555.169,85	43.594,08	-13.554,5
<b>TOTAL</b>				<b>-82.287,7</b>

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





## CONCELLO DE CHANTADA

---

### Segundo.- Participación en tributos do Estado

- Explicación do axuste

Realizaráse un axuste positivo polas cantidades retidas no exercicio 2021 correspondentes ás liquidacións negativas da PTE noutros exercicios.

- Axuste

Segundo os datos obrantes na contabilidade municipal no exercicio 2020 producíronse devolucións por PIE de exercicios anteriores por **+27.946,68**

### CONCLUSIÓN

Da liquidación do orzamento do Concello de Chantada correspondente ao exercicio 2021 derívanse os seguintes datos:

Un resultado orzamentario positivo por importe de 1.163.648,89

Un remanente de tesouraría positivo por importe de 959.369,83

Unha necesidade de financiación por importe de -199.761,13.

Este é o informe que emito no exercicio das funcións de control financeiro previstas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e no RD 424/2018, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4FR24JWG42PLGC52FDMGELSC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8